

### 13. CURSOS MONOGRÁFICOS

#### 13.1. FR-PUB-XER-A1-30A -1

**Lugar:**

EOI Ourense, na aula 9.

**Destinatarios:**

Trátase dun curso de iniciación á lingua francesa para o público en xeral, pensado para principiantes absolutos.

**Obxectivos:**

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais sinxelos que traten de temas cotiáns.

**Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos sinxelos.

**Producir e coproducir** textos escritos breves sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión.

**Mediar** entre falante en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información.

**Contidos:**

Traballaremos sobre todo os contidos léxicos seguintes :

- Clima e ambiente: estacións do ano, ...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino (école, collège, lycée, université), ...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, roupa e cores, nomes de países e xentilicios, estados de ánimo, sentimentos...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Actividades cotiás: hábitos e horarios...



## PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS 23-24

- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación
- Compras e actividades comerciais: léxico máis habitual dos establecementos comerciais, ...
- Tempo libre e ocio: medios de transporte, actividades culturais,...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

### **Metodoloxía:**

Traballaranse todos os aspectos lingüísticos das catro competencias (E.O, C.O, E.E e E.O, incluída a mediación) en parella e en grupo preferentemente.

### **Actividades:**

Utilizaranse todo tipo de textos tanto escritos coma orais, así como actividades de clase moi variadas que permitan o traballo das catro competencias.

### **Temporalización:**

O curso consta de 30 horas no primeiro cuadrimestre, das cales 26 serán presenciais e 4 corresponderán a traballo autónomo, para logo expoñer en clase ou producir un dialogo sobre untema determinado dos vistos ao longo do curso.

Este curso impartirase os xoves en horario de 16:00 a 18:00 a partir do 21/09/2023.

### **Avaliación :**

Tratarase dunha avaliación continua, na que o alumnado obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter a certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos pola docente, que xustificarán as horas de traballo individual.

## 13.2. FR-PUB-XER-A2-30B-1

### **Lugar:**

EOI Ourense, na aula 9.

### Destinatarios:

Curso dirixido ao público en xeral que, estea ou non matriculado nun curso ordinario na EOI, xa obtivera preferentemente o nivel A1 ou teña uns coñecementos iniciais moi básicos de francés.

### Obxectivos:

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais sinxelos que traten de temas cotiáns.

**Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos sinxelos.

**Producir e coproducir** textos escritos breves sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión.

**Mediar** entre falante en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información.

### Contidos:

- Actividades cotiás: ampliación de hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, ...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Identificación persoal: revisión e ampliación de datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Tempo libre e ocio: ampliación de actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Vivenda, fogar e contorna: ampliación das partes da casa, mobiliario básico...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais máis comúns...
- Educación: ampliación de material e actividades da aula, centros de ensino...



## PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS 23-24

- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Saúde e cuidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Traballo e profesións: revisión das actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...

### **Metodoloxía:**

Traballaranse todos os aspectos lingüísticos das catro competencias (E.O, C.O, E.E e E.O, incluída a mediación) en parella e en grupo preferentemente.

### **Actividades:**

Utilizaranse todo tipo de textos tanto escritos coma orais, así como actividades de clase moi variadas que permitan o traballo das catro competencias.

### **Temporalización:**

O curso consta de 30 horas, das cales 26 serán presenciais e 4 corresponderán a traballo autónomo, para logo expoñer en clase ou producir un diálogo sobre un tema determinado dos vistos ao longo do curso.

Este curso impartirase os xoves en horario de 16:00 a 18:00, no segundo cuadrimestre, a partir do 01/02/2024.

### **Avaliación :**

Tratarase dunha avaliación continua, na que o alumnado obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter a certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos pola docente, que xustificarán as horas de traballo individual.

### **13.3. FR-PUB-XER-B1-60C-1**

**Lugar:** EOI de Ourense. Aula 9



**Destinatarios:** público en xeral. Non precisa certificación de nivel, pero, para un bo aproveitamento, debería contar con, polo menos, un nivel A2.

### **Obxectivos:**

Estes monográficos teñen como finalidade intentar proporcionar ao alumnado de nivel B1 as estratexias que lle permitan:

**Comprender** a información xeral e os detalles máis relevantes de textos orais e escritos a través dunha linguaxe estándar e sobre temas coñecidos, de actualidade e de interese persoal.

**Producir** textos escritos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (situación, destinatario, propósito).

**Producir** textos orais comunicativamente apropiados á situación, con certa corrección e fluidez nunha exposición oral individual e nunha interacción.

**Participar** de forma espontánea en conversacións sobre temas cotiáns e de interese persoal. Iniciar e manter unha discusión informal ou formal en lingua estándar.

**Mediar** entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

### **Contidos:**

En xeral, traballaranse temas dos bloques que se enumeran na programación do nivel B1 (a comida, as compras, a saúde, a vivenda, o traballo,...) así como temas de actualidade ou de interese para ou alumnado.

### **Metodoloxía:**

Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa, promovendo a interacción entre o alumnado.

Incidirase particularmente en que as actividades se presenten dunha forma comunicativa e variada que axude a dar unha motivación e maior dinamismo ao proceso de aprendizaxe.

**Actividades :**

En todas as sesións propoñeranse actividades adaptadas ao nivel e contextualizadas. Tratarase sempre de actividades o máis variadas posible, que supoñan a colaboración activa do alumnado na súa aprendizaxe.

**Materiais:**

Utilizaranse materiais de radio, televisión, prensa, internet e redes sociais, así como materiais específicos destinados a mellorar todas as destrezas no nivel B1.

**Temporalización:**

Este curso anual terá unha duración de 60 horas, das cales 52 serán presenciais e 8 de traballo individual. Terá lugar os mércores pola tarde de 16.00 a 18.00. Comezará o 20 de setembro.

**Avaliación:**

Tratarase dunha avaliación continua, na que o alumnado obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter a certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos pola docente, que xustificarán as horas de traballo individual.

### 13.4. FR-PUB-XER-B2-60C-1

**Lugar:** EOI de Ourense. Aula 9

**Destinatarios:** público en xeral. Non precisa certificación de nivel, pero, para un bo aproveitamento, debería contar con, polo menos, un nivel B1.

**Obxectivos:**

**Comprender** o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura



## PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS 23-24

clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

**Producir e coproducir** descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

**Comprender** o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

**Producir e coproducir** textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

**Mediar** entre falantes da lingua meta, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

### **Contidos:**

En xeral, abordaranse temas que aparecen na programación do nivel B2 así como temas de actualidade ou de interese para ou alumnado.

### **Metodoloxía:**

Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa, promovendo a interacción entre os alumnos e alumnas.

Incidirase particularmente en que as actividades se presenten dunha forma comunicativa e variada que axude a dar unha motivación e un maior dinamismo ao proceso de aprendizaxe.



### **Actividades**

En cada sesión propoñeranse actividades adaptadas ao nivel e contextualizadas. Intentarase utilizar sempre actividades o máis variadas posible, que supoñan a colaboración activa do alumnado na súa aprendizaxe.

### **Materiais**

Utilizaranse materiais de radio, televisión, prensa, internet e redes sociais, así como materiais específicos destinados a mellorar todas as destrezas no nivel B2.

### **Temporalización:**

Este curso anual terá unha duración de 60 horas, das cales 52 serán presenciais e 8 de traballo individual. Terá lugar os luns pola tarde, de 16h00 a 18h00, a partir do 25 de setembro.

### **Avaliación:**

Tratarase dunha avaliación continua, na que o alumnado obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter a certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos pola docente, que xustificarán as horas de traballo individual.

## **14. CURSO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

### **14.1. FR-FOR-B1.1-60A-1**

Sempre en colaboración co CFR local, o noso departamento ofrece un curso FOR de introdución ao nivel B1 de 60 horas (50 presenciais e 10 de traballo individual). Para acceder a este curso é necesario posuír un nivel A2. Este curso FOR de B1.1 terá lugar os martes e xoves, de 18h00 a 20h00, na aula 8, durante o primeiro cuadrimestre. Trátase dunha introdución ao nivel B1, que pode ter continuidade no segundo cuadrimestre no curso específico ofertado de B1.





Os contidos deste curso serán os seguintes:

1. **Actividades económicas e comerciais:** comercio
2. **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
3. **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
4. **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos
5. **Saúde e coidados físicos:** ligados á alimentación, descrición física
6. **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración, vacacións
7. Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### 14.2. FR-FOR-B1-60B-1

O noso departamento ofrece, en colaboración co CFR, un curso FOR de formación para o profesorado de 60 horas, 50 presenciais e 10 de traballo individual, correspondente ao nivel B1 do Marco Europeo de Referencia, pensado como posible continuación do curso FOR de B1.1 do primeiro cuadrimestre ou tamén para persoas que teñan xa certos coñecementos deste nivel de francés. Terá lugar os martes e xoves, de 18h00 a 20h00, na aula 8, no segundo cuadrimestre.

Para este curso, os contidos serán os seguintes

1. Revisión dos contidos do curso de nivel B1.1.: comercio, alimentación, identificación persoal, relacións humanas e sociais, saúde, vivenda...
2. **Ciencia e tecnoloxía** da información e da comunicación.
3. **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet....
4. **Sociedade:** modas (roupa) e tendencias sociais...
5. **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais...

6. Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### 14.3. FR-FOR-B2.1-60A-1

O departamento ofrece, en colaboración co CFR local, un curso FOR de formación para o profesorado de nivel B2.1 do Marco Europeo de Referencia. Este curso de achegamento ao nivel B2, dunha duración de 60 horas (das cales 50 serán presenciais e 10 de traballo individual) terá lugar os martes e xoves, de 18h00 a 20h00, na aula 7, durante o primeiro cuadrimestre.

A programación deste curso, polo tanto, correspóndese coa de Nivel B2.1, é dicir cos seguintes contidos:.

1. **Identificación persoal:** orixe, familia, personalidade, adopción...
2. **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos
3. **Saúde e aspecto físico:** o corpo, o deporte, as adiccións, os coidados físicos...
4. **Migracións:** as migracións de poboación, a acollida, a solidariedade, viaxes e turismo...
5. **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración, vacacións...
6. Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

### 14.4. FR-CALC-B2-60B-1

O departamento ofrece, en colaboración co CFR local, un curso CALC de formación para o profesorado de 60 horas, 50 presenciais e 10 de traballo individual, de Nivel B2 do Marco Europeo de Referencia, pensado como posible continuación do curso FOR de B2.1 do



## PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS 23-24

primeiro cuadrimestre ou tamén para persoas con coñecementos de nivel intermedio alto de francés. Terá lugar os martes e xoves, de 18h00 a 20h00, na aula 7, no segundo cuadrimestre.

O alumnado deste curso pode acadar o nivel suficiente que lle permita presentarse ás probas de certificación de B2 se así o desexa, coa consideración de alumnado oficial a efectos de número de convocatorias.

A programación deste curso, polo tanto, correspóndese coa de Nivel B2.2, cos seguintes contidos:

1. **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
2. **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet...
3. **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
4. **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
5. **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
6. **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
7. **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
8. **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
9. **Revisión** dos contidos expresados para o curso FOR-B2.1
10. Contidos (**léxicos, discursivos, funcionais e situacionais**) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo